



R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 2 / 30 de xuño de 2005

Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo dependente da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio do Museo Provincial de Lugo**. Duración aprox.: **1,30 h**. Deseño gráfico e animación dixital: **Javier Huerga García**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

Ei, Musa, desperta, ruliña graciosa.
Pasaron as neves, Abril xa chegou.
Na beira do río pulsémola lira,
as maias xa bailan; xa o merlo cantou.

Fragmento de *A escola da primavera. Imitación de Ovidio*, de Xosé M^o Chao Ledo (Vilalba 1844-1894).

SUMARIO

Portada musical

Sós (Manuel Antonio)
Intérprete: **Pilocha** (3')

Presentación

por **Benxamín Casal** (5')

Música

O tuturutú (Xosé Neira Vilas)
Intérprete: **Pilocha** (2')

Entrevista

Evi Nogueira entrevista a **Paco Pestana** (15')

Música

Ai, amiga (E. Guerra da Cal)
Intérprete: **Pilocha** (2')

O cabaleiro da Trabe de Ouro. Darío de Saor na Academia

Felicitación ao escritor Darío Xohán Cabana pola súa recente elección como membro da Real Academia Galega, por **Xoán Ramiro Cuba Rodríguez** (5')

Música

Cholo peruán (Farruco Sesto)
Intérprete: **Pilocha** (2')

Poesía

Fragments de *O idioma de Eva*, por **J. Luís Calvo** (3')

Música

Romance de dona Eusenda (Anónimo)
Intérprete: **Pilocha** (2')

En profundidade

A arte do retrato en miniatura no Museo Provincial de Lugo, por **María Quiroga Figueroa** (10')

Música

Menina (Popular)

Intérprete: **Pilocha** (2')

Maxia, a arte da ilusión

Xogos máxico-poéticos inspirados en poemas do libro *Una duda de Alicia* de Ramón Mayrata, polo **Mago Antón** (10')

Música

Limiar (Celso Emilio Ferreiro)
Intérprete: **Pilocha** (2')

Poesía

Fragments de *O idioma de Eva*, por **J. Luís Calvo** (3')

Música

Non te quero (Mónica Góñez)
Intérprete: **Pilocha** (2')

Para ver

Aqua romana. Técnica humana e forza divina, por **Gonzalo Henrique Rodríguez Amorín**.
The size of it de Richard Deacon, por **Javier Huerga García** (5')

Música

Opinião (Celia Barbosa)
Intérprete: **Pilocha** (2')

Opinión

Intervención libre do público asistente (5')

Epílogo

Por **Antonio Reigosa** (3')

Contraportada musical

O rama (Popular portuguesa)
Intérprete: **Pilocha** (2')

COLABORAN NESTE NÚMERO**Calvo Vidal, J. Luís**

Oviedo, 1973. Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Creador e director de *Evohé*, Revista cultural do Campus de Lugo (1996-1998), autor de *La hija imperfecta* (2000), *Definitivo territorio* (2004) e *Lorenzo Varela na Escola. Vida e morte do exilio galego* (2005).

Casal, Benxamín

Lugo, 1935. Doutor Enxeñeiro Agrónomo e Economista. Estudou o bacharelato en Lugo, no hoxe Instituto Lucus Augusti, e nas Universidades de Madrid e Santiago de Compostela. Fixo viaxes de estudos por Francia, Holanda e Reino Unido. Exerceu profesionalmente desde 1963 en Guadalajara, Baleares e Lugo. Foi docente na Escola Enxeñería Técnica Agrícola e na Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos, dirixiu Cursos de Doutoramento e Posgrao da universidade compostelán. Presidiu o Clube Cultural Valle Inclán e o Círculo das Artes, pronunciou conferencias dentro e fóra de Galicia. Foi Consellerio de Enerxía, Industria e Comercio da Xunta de Galicia, Deputado no Parlamento de Galicia, Xefe Provincial do SENPA, Xerente do Catastro e Director Provincial do Ministerio de Pesca e Alimentación. Actualmente dirixe a Gran Enciclopedia Galega Silverio-Cañada, forma parte do Consello Social da Universidade de Santiago, do Padroado da Fundación Penzol, é secretario da Fundación Otero Pedrayo e Vicepresidente da Editorial Galaxia. É autor de numerosos artigos e de, entre outros, os libros *A incidencia en Galicia do Plano Enerxético Nacional*, *Achegamento á minería galega*, *A Terra Chá luguesa*, *A Galicia campesina*, e traducíu ao galego a monumental obra *La Galice* do gran xeógrafo francés Abel Bouhier.

Cuba Rodríguez, Xoán Ramiro

Lugo, 1958. Traballa no Museo Provincial desde 1982, actualmente como Auxiliar de Biblioteca. Escritor e investigador da tradición oral de Galicia. Creou con Ofelia Carnero, Mercedes Salvador e Antonio Reigosa o Equipo de Investigación Chaira. Participou en tódolos proxectos, traballos de campo, de arquivos e publicacións realizadas por este equipo dende 1992. Cos seus compañeiros do Equipo Chaira, con Xosé Miranda e Antonio Reigosa, e en solitario, é autor de vinte libros (entre outros, *Polavila na Pontenova*, *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Contos colorados* e dez volumes da colección *Cabalo Buligán*) e de varias dúcias de traballos que viron a luz en xornais e publicacións especializadas. O seu libro para primeiros lectores, *O caracol Remoldiño*, obtivo neste ano 2005 o Premio Lecturas da Asociación Gálix.

Huerga García, Javier

Nacín na cidade da Couña en 1974. Son licenciado en Belas Artes, especialidade de pintura, pola Facultade de Pontevedra, e Máster en Creación e Comunicación Dixital pola Universidade da Coruña. Teño participado en mostras colectivas de pintura e gravado. Profesionalmente nos últimos anos estou dedicado a campos coma o deseño gráfico e a animación dixital.

López Rivas, Antón (Mago Antón)

Castroverde, 1956. Iniciou a súa actividade escénica co grupo Valle Inclán de Lugo para despois dedicarse por completo aos espectáculos de maxia. En 1977 creou o personaxe de Facundo, unha marioneta á que lle pon voz. En 1985 constituíu a empresa Producións Máxicas, coa que produciu o espectáculo *Merlín e familia*, ao que seguiron outras propostas como o espectáculo multimedia *Vía Láctea* (1993), *Insólito por Antonomaxia* (1995), *Fugas e soños* (1996), *En clave de maxia* (1998), en colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia e *2001 ilusiós* (2001). En 1989 foi nomeado Lucense do ano e en 2003 foi nomeado Galego Egrexio nos Premios da Crítica de Galicia. Percorreu Galicia e varios países do mundo cos seus espectáculos.

Martínez Conde, M^a Pilar (Pilocho)

Nacín en Vigo e cursei estudos en Santiago de Psicología. Vivín en Almería e agora en Lugo. Teño varios traballos discográficos publicados (Pilocho, Calamidá Sentimental ...) e colaboracións en moitos outros de artistas galegos. Adoro a poesía e fago uso dela no meu traballo. Na actualidade curso estudos de canto lírico e preparo unha nova gravación.

Nogueira, Evi

A súa vida profesional transcorre entre Santiago de Compostela e Lugo. Iníciase no xornalismo como locutora e redactora de radio na Cadena COPE, en Santiago de Compostela. Posteriormente, trasládase a vivir a Lugo, e incorpórase á plantilla de Ondas Galicia de onde pasa á Cadena COPE. Abandona a radio para incorporarse como redactora ao gabinete de prensa da Presidencia da Xunta de Galicia, en Compostela. Regresa de novo a Lugo, onde ocupa o cargo de Xefe de prensa da Subdelegación do Goberno en Lugo. Na actualidade traballa como redactora e presentadora de programas de televisión producidos pola *Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación*.

Pestana, Paco

Nacín en Castroverde, Lugo, en 1949. Artista multidisciplinar, realicei máis de 120 exposicións de escultura e estiven presente nas bienais de escultura de Zamora, Oviedo, Pontevedra, Tárrega, e en simposios en Santander, Wismark, Portugal, ... As miñas últimas exposicións tiveron lugar na Fundación Granell, na Casa da Parra en Santiago de Compostela, Museo de Lugo, Fundación Torrente Ballester de Ferrol, Museo de la Pasión de Valladolid, Museo de Lalín (Pontevedra), Auditorio de Galicia en Santiago e Museo de Ourense. Colaboro en revistas e nos xornais escribindo sobre arte e humor. Publiquei poesía e colaborei en radio e en montaxes teatrais.

Quiroga Figueroa, María

Lugo, 1969. Licenciada en Xeografía e Historia, Sección de Arte, Especialidade de Museoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde 1992 traballo no Museo Provincial de Lugo como Técnico de Actividades Socioculturais, desenvolvendo labores de inventariado e catalogación na Sección de Belas Artes do museo.

Rodríguez Amorín, Gonzalo Henrique

Nacín o 24 de xullo de 1975 en Gondomar, no Lugar do Ripote. Alí estiven até os 22 anos cando rematei Maxisterio. Funme para Santiago onde me licenciei en Historia coas especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía. Comecei o doutoramento pero deixei ao segundo ano; había que traballar. E traballei en múltiples escavacións e en diferentes oficios até que acabei cun traballo «ora et labora» aquí no Museo Provincial de Lugo.